

| | | |
|---|---------------------------|--|
| Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC | | |
| Documento CON1110QA | Expediente CON/24/2017 | |



ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de xestión e desenvolvemento das "Escolas municipais de verán 2017": programa municipal de conciliación do Departamento de Educación e Cidadanía do Concello de Santiago de Compostela..

TIPO DE LICITACIÓN: 58.439,05 euros máis IVE.

PROCEDIMENTO: Negociado sen publicidade.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 8 de xuño de 2017, ás 9:30 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Dios Diz.

Vogais: Dna. María Corral, representante do grupo PP.

D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.

D. Rubén Cela, representante do grupo BNG

Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.

Dna. María Luisa Prego de Oliver López, en representación da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

OFERTAS PRESENTADAS:

| NÚMERO DE ORDE | DATA DE PRESENTACIÓN | NÚMERO DE REXISTRO | NOME DO LICITADOR |
|----------------|----------------------|--------------------|--|
| 1 | 06-09-2017 | 25.874 | B27791086 ACTIVIDADES LUDICAS GALICIA S.L. |

**Proposición recibida por correo*

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte do único licitador presentado, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que aporta a mencionada declaración.

A continuación procédese á apertura do sobre que contén a documentación relativa ós criterios de negociación, que ten como resultado o seguinte:

Prezos unitarios por quenda día (IVE engadido)

| | |
|--------------------------|------------|
| Obradoiros e actividades | 8,00 euros |
| Comedor | 5,50 euros |
| Madrugadores | 2,50 euros |

Prezos unitarios por día solto (IVE engadido)

| | |
|--------------------------|------------|
| Obradoiros e actividades | 9,00 euros |
| Comedor | 6,00 euros |
| Madrugadores | 3,00 euros |

| | | |
|--|----------------------------------|--|
| <i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC | | |
| <i>Documento</i> CON1110QA | <i>Expediente</i> CON/24/2017 | |

15078DCON1110QAa



Rematada a apertura dos sobres, a mesa inicia a negociación individual dos termos do contrato en función dos diferentes criterios relacionados no prego que rexe a licitación, estendendo as correspondentes actas cos resultados das negociacións individuais levadas a cabo, que se acompañan á presente acta, acordando dar traslado unha vez finalizadas da documentación técnica aportada ós efectos da súa verificación polos técnicos municipais.

As 9:40 horas, levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA



| | | |
|--|---------------------------|--|
| Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicos 100.- JMIC | | |
| Documento CON1110QA | Expediente CON/24/2017 | |



ACTA DE NEGOCIACIÓN CO LICITADOR Nº 1: ACTIVIDADES LUDICAS GALICIA S.L.

LICITACIÓN: Servizo de xestión e desenvolvemento das "Escolas municipais de verán 2017": programa municipal de conciliación do Departamento de Educación e Cidadanía do Concello de Santiago de Compostela..

TIPO DE LICITACIÓN: euros 58.439,05 máis IVE.

PROCEDEMENTO: Negociado sen publicidade.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 8 de xuño de 2017, ás 9:42 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Dios Diz

Vocales: Dna. María Corral representante do grupo PP
D. Gonzalo Muíños representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela representante do grupo BNG
Dna. Inmaculada Viña Carregal, Interventora xeral Municipal.

Secretario: Dna. María Luisa Prego de Oliver López en representación da asesoría xurídica municipal.
D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Representante do licitador que acude ó acto de negociación: Dna. Verónica Martínez Pardo.

A mesa de contratación inicia a negociación co representante da empresa indicandolle os criterios que son obxecto de negociación, tal e como se recolle no prego que rexe a licitación.

O representante da citada empresa manifesta que:

- **Ratifícase na oferta presentada.**

Sendo as 9:43 horas conclúe o acto de negociación e, en proba de conformidade, o representante da empresa asina a presente acta xunto co secretario e o presidente da mesa de contratación.



Asdo.: Verónica Martínez Pardo.

Representante da empresa



Vº E PRACE

O/A PRESIDENTE DA MESA



O/A SECRETARIO/A DA MESA

| | | |
|--|----------------------------------|--|
| <i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC | | |
| <i>Documento</i> CON1110QA | <i>Expediente</i> CON/24/2017 | |



ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de xestión e desenvolvemento das "Escolas municipais de verán 2017": programa municipal de conciliación do Departamento de Educación e Cidadanía do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 58.439,05 máis IVE.

PROCEDEMENTO: Negociado sen publicidade.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 13 de xuño de 2017, ás 09:07 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Dios Diz.

Vocales: D. Xan Duro Fernández, representante do grupo CA.
D^a. María Corral, representante do grupo PP.
D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE.
D. Ruben Cela, representante do grupo BNG.
D. Xosé Manuel Rodríguez-Abella, xefe do departamento de educación.
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar o informe emitido polo xefe de educación e de conformidade con él, **ACORDAN:**

Trasladar ao Sr. Alcalde o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requerir ó único licitador presentado ACTIVIDADES LUDICAS GALICIA SL que cumpre os requerimentos do prego e oferta o seguintes prezos unitarios

Prezos unitarios por quenda día (IVE engadido)

| | |
|--------------------------|------------|
| Obradoiros e actividades | 8,00 euros |
| Comedor | 5,50 euros |
| Madrugadores | 2,50 euros |

Prezos unitarios por día solto (IVE engadido)

| | |
|--------------------------|------------|
| Obradoiros e actividades | 9,00 euros |
| Comedor | 6,00 euros |
| Madrugadores | 3,00 euros |

a executar ata un importe máximo de 58.439,05 euros IVE aparte, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requerimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique

| | | |
|--|----------------------------------|--|
| <i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC | | |
| <i>Documento</i> CON1110QA | <i>Expediente</i> CON/24/2017 | |


15078DCON1110QAa



documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 9.15 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA



Informe de valoración da oferta presentada para a licitación do Servizo de xestión e desenvolvemento das “Escolas municipais de verán 2017. Programa municipal de conciliación do Departamento de Educación e Cidadanía do concello de Santiago de Compostela”

Con data 8 de xuño de 2017, reúnese a mesa de contratación para a apertura das ofertas presentadas ao procedemento negociado sen publicidade do servizo sinalado no encabezamento.

Con data de 12 de xuño emítese este Informe de valoración da oferta presentada a esta licitación, a petición da Mesa de Contratación.

Que a esta licitación presentouse unha única oferta, da empresa Actividades Lúdicas Galicia, S.L.

Que no prego de cláusulas administrativas establécense os criterios de adjudicación en base á programación e os criterios de negociación, en liña coa proposición económica que se ofrece.

Tendo en conta que só se presentou unha oferta, o informe límitase a contrastar se a empresa cumpre cos requisitos mínimos establecidos no prego de prescricións técnicas da licitación de referencia, que xa de por si establece unhas cláusulas esixentes.

A) CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN. PROGRAMACIÓN

PROGRAMA DE ACTIVIDADES:

A proposta de actividades leva por título “Multiaventura en Compostela”, cun eixe temático semanal onde se intercalarán actividades medioambientais, de expresión artística e creativa, talleres, xogos e dinámicas, educación en valores, deportivas, que xirarán arredor do contido temático de cada quenda.

Contidos temáticos das quendas:

- Quenda 1: Pequenos artistas.
- Quenda 2: Pequenos científicos.
- Quenda 3: A volta ao mundo en cinco días.
- Quenda 4: Campus Stellae.
- Quenda 5: Aventura na natureza.
- Quenda 6: Aventuras de papel.

Inclúese un descriptor das actividades a realizar en cada quenda e un cronograma detallado coas actividades e a secuencia horaria correspondente.

Tipos de actividades:

- Obradoiros: de reciclaxe e manuais, musicais, de cociña.
- Xogos grupais e ximcanas.
- Deportivas, de auga, medioambientais.
- Saídas pola cidade.

ACTIVIDADES EXTRAORDINARIAS

English activities. Cada centro educativo contará cun monitor/a con competencia en inglés de maneira que os diferentes grupos irán rotando ao longo da quenda participando en actividades lúdicas, manuais, cancións, xogos grupais, en lingua inglesa .

Convivencia no Monte Pedroso: ao estilo dunha romaría tradicional realizaranse xogos, actividades ao aire libre e un picnic, acompañados de música tradicional. O horario nesta xornada amplíase ata as 17 horas.

Instalación de pequenas piscinas en cada centro: os xogos de auga adoitan ser unhas das actividades máis apreciadas nos programas de verán, polo que constitúen un recurso máis do programa de actividades.

METODOLOXÍA:

Lúdica, dinámica e participativa: traballo en equipo e cooperación a través do xogo, obradoiros e actividades.

PERSOAL DO PROGRAMA:

1 Coordinadora xeral do programa a disposición das familias e do Departamento de Educación. Terá un teléfono móvil e correo electrónico para atender calquera incidencia que se poidera producir.

1 Persoal de Secretaría para colaborar no proceso de inscrición, a comunicación coas familias, elaboración de listados dos participantes, entre outras tarefas.

Monitor/a coordinador/a de cada centro educativo: forma parte do equipo de monitores/as.

Monitor/a de tempo libre cada 15 participantes. Da relación facilitada na proposta todos contan coa titulación mínima esixida.

2 Monitores de apoio (no caso de que sexan necesarios), para a atención de nenos/as con necesidades educativas especiais, que contarán con formación e experiencia para atender aos posibles usuarios.

A empresa responsabilizarase da apertura e peche das instalacións onde se desenvolverán as actividades do programa e tomará as medidas necesarias para garantir a seguridade dos participantes mentres permanecen nas instalacións.

PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN:

A empresa detalla na súa proposición os diferentes protocolos a seguir no caso de:

1. *Benvinda dos participantes o primeiro día de actividade:*
 - Proporcionarase o díptico informativo coas normas de funcionamento, teléfono de contacto da coordinadora.
 - Entrega das autorizacións de gravacións de imaxes, saídas e persoas autorizadas para recoller aos participantes.
 - Asignación de grupos e distribución dos participantes (coa distribución da cinta identificativa a cada usuario). Cada grupo terá unha cor asignada que será a mesma ca da cinta identificativa e do seu monitor responsable.
 - Partes de entrada e saída dos menores das instalacións.
 - Explicación do programa de actividades.
2. *Toma de medicamentos*
3. *Accidentes ou enfermidades.*
4. *Pediculose*
5. *Entradas e saídas dos participantes*
6. *Saídas e excursións.*
7. *Gravacións en vídeo e fotografías.*

Para tal fin, as familias dos usuarios disporán das correspondentes fichas de autorización, de ser o caso, que deberán entregar obrigatoriamente cubertas e asinadas aos coordinadores de cada centro.

INSTRUMENTOS DE INFORMACIÓN PERMANENTE PARA AS FAMILIAS:

- Circular por escrito.
- Por medio de correo electrónico.

- Banner do programa: que estará aloxado na páxina web municipal e incluirá fotografías, vídeos e programa de actividades. A empresa encargárase da actualización e seguimento do mesmo durante o desenvolvemento do programa.
- Telefónico e SMS.

ORGANIZACIÓN DOS GRUPOS:

Os grupos de participantes organizaranse en base ás inscricións realizadas no programa e por idades, intentando que sexan o máis homoxéneas posible.

Cada usuario levará unha cinta identificativa coa cor do grupo e do/da monitor/a asignado a este.

As actividades adaptaranse en todo momento ás características evolutivas dos integrantes do grupo. Os grupos traballarán por regra xeral separadamente agás naquelas actividades que a metodoloxía aconselle e permita traballar con saídas, entre outras propostas.

RECURSOS MATERIAIS ADSCRITOS AO PROGRAMA:

- Díptico informativo en formato papel e dixital co programa de actividades en cantidade suficiente para todos os usuarios do programa.
- 1 banderola interior e 1 banderola exterior en cada centro educativo.
- Material necesario para o desenvolvemento do programa previsto (material de papelería, material deportivo, de expresión corporal, para os obradoiros).
- Botiquín para cada un dos centros.
- 2 piscinas portátiles.
- Cinta identificativa para os monitores e usuarios.
- Camiseta dos monitores/as co logotipo do Departamento de Educación do concello de Santiago.
- 2 *pen drive* recopilatorios de fotografías, vídeos e da documentación xerada durante o desenvolvemento do programa.

SERVIZOS DE MADRUGADORES E DE COMEDOR:

O servizo de comedor realizarase mediante catering e correrá a cargo da empresa *Barrigola* de Santiago de Compostela. O menú constará de 1º prato, 2º prato, sobremesa, pan e auga mineral.

A memoria descritiva das características dos menús, do servizo de comedor, e do persoal do comedor (pax. 27,28 e 29), axústase ao establecido no prego de prescricións técnicas. Ofrecen 20 tipos de menús.

O servizo de madrugadores será por conta da empresa Actividades Lúdicas Galicia S.L. Ofrecen 5 tipos de menús, coas características esixidas no Prego de prescricións técnicas.

AVALIACIÓN, CONTROL E SEGUIMIENTO DO PROGRAMA:

Realizarase unha avaliación continua do programa mediante:

- Buzón de suxestións.
- Xuntanzas semanais de seguimento entre os coordinadores e os monitores.
- Xuntanzas de seguimento do coordinador/a xeral co Departamento de Educación e Cidadanía, ou por indicación deste con quen corresponda.
- Consultas diarias de satisfacción e grao de interese dos usuarios.
- Enquisa de avaliación final dos usuarios do programa (xuntan modelo de enquisa).

MEMORIA FINAL:

Con entrega nun período máximo de 15 días, dende o remate do programa. Esta incluírá todos os aspectos pertinentes en relación coas actividades, recursos humanos, valoración dos usuarios, etc.

POLÍTICA DE PRIVACIDADE:

Cumprírase cos requisitos establecidos na normativa vixente en materia de protección de datos.

SEGUROS:

Todos os nenos/as participantes e os monitores/as terán un seguro de Accidentes e un seguro de Responsabilidade Civil, que tamén dará cobertura ás instalación que se utilicen neste programa.

B) CRITERIOS DE NEGOCIACIÓN. PROPOSICIÓN ECONÓMICA

Prezos unitarios por quenda/día (IVE engadido)

| | Prezo licitación | Oferta empresa | Diferenza |
|--------------------------|-------------------------|-----------------------|------------------|
| Obradoiros e actividades | 12,00 | 8,00 | - 4,00 |
| Comedor | 8,00 | 5,50 | - 2,50 |
| Madrugadores | 3,25 | 2,50 | - 0,75 |

Prezos unitarios por quenda/día solto (IVE engadido)

| | Prezo licitación | Oferta empresa | Diferenza |
|--------------------------|-------------------------|-----------------------|------------------|
| Obradoiros e actividades | 13,00 | 9,00 | - 4,00 |
| Comedor | 9,00 | 6,00 | - 3,00 |
| Madrugadores | 3,50 | 3,00 | - 0,50 |

CONCLUSIÓN:

Á luz da proposta programática e económica presentada pola empresa Actividades Lúdicas Galicia S.L. á licitación do Servizo de xestión e desenvolvemento das “Escolas municipais de verán 2017. Programa municipal de conciliación do Departamento de Educación e Cidadanía do concello de Santiago de Compostela”, conclúese que cumpre cos requisitos establecidos no prego de prescricións técnicas para o desenvolvemento deste programa e que o prezo ofrecido supón unha baixa respecto do prezo de licitación.

Santiago de Compostela, a 12 de xuño de 2017.

O Xefe do Departamento de Educación e Cidadanía

Xosé M. Rodríguez-Abella Gómez



| | | |
|--|----------------------------------|--|
| <i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC | | |
| <i>Documento</i> CON1110QA | <i>Expediente</i> CON/24/2017 | |



ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de xestión e desenvolvemento das "Escolas municipais de verán 2017": programa municipal de conciliación do Departamento de Educación e Cidadanía do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 58.439,05 máis IVE.

PROCEDIMENTO: Negociado sen publicidade.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 16 de xuño de 2017, ás 12 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Dios Diz.

Vocales: D. Rafael Peña Vidal, representante do grupo CA.
D. Alejandro Sánchez Brunete, representante do grupo PP.
D. Xosé Manuel Rodríguez-Abella, xefe do departamento de educación.
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
D. Luisa Prego de Oliver, en representación da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, ACTIVIDADES LUDICAS GALICIA SL, consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Ás 12.10 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA

O SECRETARIO DA MESA



